

AS DOENZAS OCULARES E AS LOMBRIGAS NA PROVINCIA

DE LUGO. ENSALMOS E RITUAIS ETNOMÉDICOS (II).

Neste segundo artigo sobre as prácticas máxico-relixiosas adicadas a sandación dalgunhas doenzas, é mester discernir e aclarar tres nocións básicas: a oración, o ensalmo e mailo conxuro. Isto é debido, dun xeito preferente, ás confluencias e equivalencias entre o máxico e o relixioso, que deron lugar a variados traballos de carácter antropolóxico¹.

Pois ben, *a oración* é unha fórmula discursiva que un suxeto transmite a un personaxe sagrado en sinal de submisión e súplica para acadar certos favores pedidos. Pode ir acompañada de xestos e actitudes físicas, como estar de xeonllos e inclinar a cabeza, entre outros. Adoita ser impulsada polas institucións relixiosas².

O ensalmo é un discurso que unha persoa dirixe a unha entidade sagrada coa finalidade de obter a curación dunha doenza propia ou allea. Incorpora elementos da menciña popular e frases procedentes de oracións do ritual cristián. O ensalmador sitúase como intermediario entre a divindade e a persona que precisa a cura. Non pode dar a coñecer públicamente os contidos destes ensalmos, xa que senón perdería a súa eficacia. Esta fórmula discursiva subsiste entre a xente do común, transmítese por vía oral e ten unha forma poética, que se caracteriza pola súa tradicionalidad³.

Finalmente, *o conxuro* é un discurso que un suxeto dirixe a un personaxe sagrado ou diabólico coa finalidade de exisirlle a concesión dunha prestación que ás veces mesmo pode ser prexudicial para outras persoas. Esta fórmula adoita presentar, polo tanto, un tono imperativo e autoritario⁴.

¹ VALVASSORI, Mita. “Ensalmos y ritos contra las lombrices en Italia: del *Decamerón* (VII, 3) de Boccaccio a la tradición folclórica contemporánea”. *Culturas Populares. Revista Electrónica* 2 (mayo-agosto 2006). Cita a “Claude Lévi-Strauss”, páx. 4.

PEDROSA, José Manuel. *Entre la magia y la religión: oraciones, conjuros, ensalmos*. Sendoa, Guipúzcoa, 2000. Cita a “James George Frazer” y “Emile Durkheim”, páxs. 11 e 12.

² PEDROSA, José Manuel. “Ensalmo”, *Enciclopedia Universal Multimedia*, Madrid, Micronet, diversas ediciones en CD-Rom.

³ PEDROSA, José Manuel. *Ob. cit.*, 2000, páx. 11.

⁴ PEDROSA, José Manuel. *Ob. cit.*, 2000, páx. 12.

I. AS DOENZAS OCULARES.

No ámbito destas enfermidades imos tratar sobre as belidas, os argueiros e os orizos ou tirizós.

1.1. ENSALMOS SOBRE AS BELIDAS.

Co nome de belidas denominamos “a las manchas blancas, nubes, nieblas, puntitos y úlceras que aparecen en los ojos, produciendo disminución o pérdida de la visión, no cabiendo duda alguna que se refiere a las úlceras de la córnea”⁵.

Trátase dunha palabra galega coa que designamos ás nubes brancas do ollo, ás cataratas e, por extensión, a calquer doenza ocular⁶.

En Montecubeiro (Castroverde) curábase a doenza empregando o seguinte ensalmo.

**“ Belida de...(nome da persoa que ten a belida)
se es branca
Deus te parte,
se es negra
Deus te fenda,
se es rubia
Deus te suma.
Polo poder de Deus
e da Virxe María. Amén”⁷.**

En Lousada (Xermade), para sandar a doenza pronunciábanse as seguintes palabras:

**“ Santa Lucía,
tres fillas tiña:
unha tecia,
outra urdía,
e a outra belidas
dos ollos desfacía,
a quen as tiña.
Isto non é pola miña sabedoría,
é polo poder de Deus,
e da Virxe María”⁸.**

Logo, rezábase un painoso e unha avemaría.

En Guntín, usábase a seguinte fórmula:

⁵ LIS QUIBÉN, Víctor. *La medicina popular en Galicia*. Madrid: Akal, 1980, páx. 185.

⁶ MARINHO FERRO, Xosé Ramón. *La medicina popular interpretada, II*. Vigo: Xerais, 1986, páx. 83.

⁷ De Montecubeiro (Castroverde).

⁸ PILAR. Muiño Novo (Lousada) (Xermade). De 45 anos.

**“ Santa Lucía
tres fillas tiña:
unha tecía,
outra urdía
e a outra dos ollos desfecía.
Pola gracia de Dios
e da Virxen María
un Padrenuestro
e un Avemaría”⁹.**

Na parroquia da Graña (Abadín) utilizábase a seguinte fórmula:

**“ Santa Lucía
tres libros tiña:
nun que rezaba,
noutro no que lía
e noutro no que belidas
descontaba.
Polo poder que Deus ten
e a Virxen María. Amén”¹⁰.**

En Sudros (S. Pedro do Río) (A Fonsagrada) cóllíanse nove grans de trigo, de colleita propia, e pasábanse, un a un, por diante do ollo facendo unha cruz, mentres se recitaba o seguinte ensalmo:

**“ Desfeita con fume
e aire fuches feita.
De nove te volvas oito,
de oito sete,
de sete seis,
de seis cinco,
de cinco cuatro,
de cuatro tres,
de tres dous,
de dous un,
e dun ningún”¹¹.**

Estas palabras había que dicilas nove veces e por cada unha delas bótabase nun recipiente de auga un gran de trigo.

En Carballosa (Xermar) (Cospeito) pasábase un pano de auga fría pola belida e dicíase a seguinte fórmula:

“ Santa Lucía

⁹ VÁZQUEZ LÓPEZ, Angel. De Guntín, 76 anos.

¹⁰ CASTIÑEIRA MARTÍNEZ, Mercedes. Da Graña (Abadín), 40 anos.

¹¹ LÓPEZ LÓPEZ, Amadora. De Sudros (S. Pedro do Río) (Fonsagrada), 83 anos.

**tres fillas tiña:
unha tecía,
a outra cosía
e a outra belidas
dos ollos desaparecía.
Polo poder de Dios
y de la Virgen”¹².**

En Aspai (Outeiro de Rei) tomábanse nove grans de trigo e botábanse en auga; logo collíase un e facíase o sinal da cruz sobre o ollo doente, mentres se mencionaban as seguintes palabras:

**“ Santa Lucía
tres libriños tiña:
por un rezaba,
por outro lía
e por outro belidas
dos ollos disminuía”¹³.**

Logo poñíase o gran no ollo e rezábase un Painoso; como remate poñíase o gran nun envase de auga. Este ritual repetíase cos grans restantes.

En Ligonde (Monterroso) coñecíase como belida a unha enfermidade consistente na perda de visión producida pola formación dunha teíña delgada (membrana moi fina) no ollo. Posuía certa semellanza coas cataratas e adoitaban confundirse. Para a súa curación usábase o seguinte ensalmo, que había que cítalos sete ou nove veces.

**“Santa Lucía
tres libros tenía:
con uno leía,
con otro deslía
y con el otro quitaba las belidas
que este ojo tenía”¹⁴.**

No S. Matías (O Veral) (Lugo) utilizábase a seguinte fórmula:

**“Santa Lucía
tres fillas tiña:
unha tecía,
a outra urdía
e a outra as belidas
dos ollos desfacía.
Pola gracia de Deus**

¹² LOZANO ANIDO, Amparo. De Carballosa (Xermar) (Cospeito), 79 anos.

¹³ VÁZQUEZ, Josefa. De Aspai (Oureiro de Rei), 83 anos.

¹⁴ VILA VILA, Aurita. De Ligonde (Monterroso).

**e da Virxe María,
un painoso
e un avemaría”¹⁵.**

Na Balsa (Muras) chamaban belidas a diversas doenzas dos ollos, como as nubes brancas, as cataratas, as úlceras...Para curalas había que colocar nunha taza chea de agua nove grans de trigo; logo tomar un e pásalo por riba do ollo enfermo mentres se recitaba o seguinte ensalmo:

**“Santa Lucía
tres fillas tiña:
unha tecía,
a outra urdía,
e a outra as belidas
dos ollos desfacía.
Pola gracia de Dios
e da Virxen María,
un padrenuestro
e un avemaría”¹⁶.**

En Pino (Cospeito), botaban nunha taza auga fría e nove graos de trigo. Logo, collían un grao e pasábano por riba da belida, recitando ao mesmo tempo as seguintes palabras:

**“Santa Lucía,
tres fillas tiña:
unha tecía,
outra urdía,
e a outra belidas
dos ollos desfacía.
Pola gracia de Deus,
e da Virxen María,
un padrenuestro
e un Avemaría”¹⁷.**

Ao rematar, tiraban o grao ao chán e repetían o ritual cos oito graos restantes. Isto facían pola noite e durante nove días seguidos.

Na Fontaneira (Baleira) ¹⁸ utilizábase como terapia ante a doenza a mesma que na Balsa (Muras).

No Santo (Vilalba) poñíase nunha taza, con auga fría, nove grans de trigo; logo collíase un e pasábase por riba da belida, dicindo ó mesmo tempo:

¹⁵ Ramón. Do San Matías (O Veral) (Lugo), 79 anos.

¹⁶ PARDIÑO TRASTOI, Virginia. Da Balsa (Muras), 86 anos.

¹⁷ MOURE BARRIO, Manuel. De Pino (Cospeito), 75 anos.

¹⁸ Adelina. De Fontaneira (Baleira).

**“Santa Lucía
tres hijas tenía:
una cosía,
otra bordaba
y otra las belidas descontaba.
Por el poder que Dios tiene
y la Virgen María. Amén”¹⁹.**

En Mosteiro (Palas de Rei) collíanse nove grans de trigo; logo, un a un, íanse pasando por diante do ollo doente, facendo o sinal da cruz e mencionando a seguinte fórmula:

**“Santa Lucía
tres fillas tiña:
unha cantaba,
outra cosía
e outra sacáballes as belidas
a quenas tiña.
Coa intención de Deus
e da Virxe María,
recemos un padrenuestro
e un avemaría”²⁰.**

Logo botábanse nun vaso de auga.

En Outeiro de Rei e na Pobra do S. Xián (Láncara) usábase a seguinte pregaría:

**“Nube, nube
de sangre y agua formada,
en honra y gloria
de la Santísima Trinidad
que sea prontamente curada”²¹.**

Na parroquia de Cazás (Xermade), dicíase nove veces cada día, durante nove días consecutivos o seguinte ensalmo:

**“Santa Lucía,
tres hijas tenía.
Unha lía,
outra cosía,
e a outra as belidas desfacía.
Non é pola miña sabiduría.
É polo poder de Dios,
e o da Virgen María.
Un Padrenuestro e unha Avemaría”²².**

¹⁹ VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Celia. Do Santo (Vilalba), 79 anos.

²⁰ ARIAS GÓMEZ, Carmen. De Mosteiro (Palas de Rei).

²¹ RIVERA ARIAS, Elena. 78 anos.

En Queizán (O Corgo), para curar a enfermidade, facíase unha cruz sobre o ollo do doente cun gran de trigo collido entre o índice e o pulgar, pronunciando ao mesmo tempo as seguintes palabras:

**“Desfeita,
que fuches feita,
en auga,
en lume,
en sal da mar,
en auga de fonte termal.
Nin crezas,
nin avivezas
nin fagas cousa
que mal parezas
no corpo de (fulano de tal)”²³.**

Logo, collíase outro gran e realizábase a mesma práctica nove veces, durante nove días seguidos. Cada vez que se recitaba o ensalmo, rezábase ao seu remate un painoso e un avemaría.

En San Martiño (Cabreiros) (Xermade), para sandar a doenza dicíase o seguinte ensalmo:

**“Nube, nube,
de sangre y agua formada,
en honra y gloria de la Santa Trinidad,
que sea prontamente curada”²⁴.**

A continuación, rézanse tres painosos na honra á Santísima Trindade.

En Carballido (Pacios) (Begonte), para sandar as belidas realizábase o seguinte ritual: botábase nunha taza de auga fría nove grans de trigo. Collíase un gran e pasábase por riba da belida, mentres se recitaba o seguinte ensalmo:

**“Santa Lucía tenía tres hijas:
una cosía,
otra urdía,
y otra las belidas desfacía.
Pola gracia de Dios
e da Virxen María”²⁵.**

²² VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Magdalena. De Cazás (Xermade), 86 anos.

²³ LOZANO DOCANDO, Carmen. De Gracián (Castroverde), 82 anos.

²⁴ VIVERO RAMIL, Carmen. San Martiño (Cabreiros) (Xermade). De 74 anos.

²⁵ BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 272

Ao rematar o ensalmo, rezábase un painoso e unha avemaría. Logo, tirábase o gran ao chan e repetíase a operación con cada un dos restantes. Dun xeito preferente, este ritual facíase, á noite e durante nove días consecutivos.

Nas belidas o normal era coller nove grans de trigo e ir pasando un a un pola belida, mentres se rezaba o ensalmo correspondente, e un painoso e unha avemaría.

O habitual era repetir o ensalmo e as oracións, que lle seguían, nove veces. Nalgúns casos puidemos comprobar como o ritual tiña que levarse a cabo nove veces ao día durante nove días consecutivos.

Finalmente, os máis dos ensalmos coinciden na invocación que se fai da santa e as súas tres fillas. Agora ben, de Santa Lucía, considerada protectora e sandadora das doenzas dos ollos, non atopamos ningunha referencia obxectiva na que se reflicte que a santa tivese tres fillas urdidoras e fiadeiras. Sen embargo, adoitaban acompañar á santa naqueles ensalmos adicados á prevención e curación das doenzas da vista. Isto acontecía non só en Galicia, senón tamén en Asturias, Extremadura e diferentes provincias de Castela.

En relación aos ensalmos descritos apreciamos como a función esencial destas tres “fillas” é a de fiar e urdir, máis nalgúns casos –os menos– móstranse outras actividades como as de leer e rezar; as de cantar e fiar; e as de coser e leer.

Na mentalidade popular aparecen en ensalmos outras santas curadoras –Santa Apolacia, Santa Iria, Santa Cecilia etc– coas súas tres fillas levando a cabo actividades curativas ligadas coas tarefas do fiado. Estes ensalmos, raros nas tradicións do centro e do sur da península ibérica, amosan referencias importantes nas tradicións aragonesas, catalanas e valencianas²⁶.

Por outra banda o acto de fiar ou de urdir considérase dende un punto de vista simbólico a representación de procesos de creación e de crecemento. Símbolos vinculados a éste, como o da rede, a tea, a corda e o tecido úsanse frecuentemente para suxerir o desenvolvemento das vidas humanas e do universo no seu conxunto. Estes símbolos teñen tamén connotacións negativas como ferramentas de prisión.

Finalmente las viejas y atávicas creencias en torno a tres deidades hilanderas y dueñas del hilo de la vida y, por tanto, del destino y de la salud de cada persona se pueden reconocer como bien presentes en polos muy diferentes de la tradición

²⁶ PEDROSA, José Manuel. *Ob. cit.*, páx. 179.

credencial, poética y narrativa europea y universal. Las tres hijas hilanderas o tejedoras de Santa Lucía, de Santa Apolacia o de Santa Iria... las tres viejas ayudantes de los cuentos maravillosos europeos, las tres brujas del Macbeth shakespeariano, o las tres sabias valkirias del Völundarkvida nórdico del siglo IX, coinciden en revelarse, de este modo, como herederas y continuadoras, en épocas y ámbitos muy distintos, y con características más o menos diferentes entre sí -pero siempre conocedoras y controladoras del futuro, y siempre imbuidas por poderes mágico-sagrados- de las viejas deidades –las Hathors de los egipcios, las Moiras de los griegos, las Parcas de los romanos, etc.– con dominio sobre “los hilos” de la salud de la vida de los seres humanos ²⁷.

1. 2. ENSALMOS PARA SACAR OS ARGUEIROS.

O argueiro é unha partícula de po ou de calquera outra cousa que se mete nos ollos e produce molestias²⁸.

En Baleira empregábase, como terapia, para sandar a doenza o seguinte ensalmo:

**“Cabalín, cabaleiro
sacame este argueiro,
que veña Sta. Lucía
e que volva a ver como vía.
Por el poder de Dios
y de la Virgen María”²⁹.**

En Gracián (Castroverde), recitábase a seguinte pregaría cos ollos pechados.

**“Pasa cabaleiro, quítame este argueiro.
Santa Ana, quítame esta argana.
Santa María, que ma quite máis axiña.
Con el poder de Dios y de la Virgen María”³⁰.**

Ao finalizar a oración rezábase un painoso e un avemaría.

En Santa María de Gondar (Lugo), para expulsar o argueiro, collíase na man dereita o párpado e movíase para arriba e para abaixo, mentres se dicía o seguinte ensalmo:

**“Argueiro, argueiro,
cabaleiro,
Santa Lucía,
me quite este argueiro.**

²⁷ PEDROSA, José Manuel. *Ob. cit.*, páxs. 205-206.

²⁸ Varios. *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais, 4ª ed., 1994, pág. 79.

²⁹ GÓMEZ PESTAÑA, José A. De Baleira, 59 anos.

³⁰ LOZANO DOCANDO, Carmen. De Gracián (Castroverde), 82 anos.

Polo poder de Dios e da Virxen María”³¹.

Ao rematar o ensalmo, rezábase un painoso e unha avemaría. O ensalmo tiña que recitarse tres veces coas oracións correspondentes e ao finalizar cada unha delas, cuspiábase unha vez.

II. FÓRMULAS PARA SANDAR OS ORIZOS.

Esta doenza é unha inflamación benigna, que afecta basicamente a nenos e **mozos** (xoves), e que aparece no bordo libre das pálpebras. A súa manifestación é debida a unha transmisión de microorganismos, especialmente estafilococos, a nivel dunha retención da secreción das glándulas palpebrales³².

Es una inflamación de las glándulas sebáceas anexas a las pestañas, producida habitualmente por el germen llamado estafilococo...El síntoma característico es una hinchazón enrojecida³³.

Para sandar a doenza, ademais dos remedios físicos, usábanse outros de base máxico-relixiosa.

Jesús Rodríguez López –importante médico lucense (1859-1917)– en su obra “Supersticiones de Galicia”, nos dice que para curar esta enfermedad hay que poner sobre un poco de ceniza tres pajas derechas y juntas, cuidando que una de ellas tenga un nudo. Luego, había que ponerles fuego y mientras ardían se mencionaba el siguiente ensalmo: *Quéimate Tirizó,/ con tres pallas/ e un nó/*³⁴.

Enrique Carré Aldao, en “Geografía general del Reino de Galicia. T.I. Provincia de La Coruña.- Supersticiones”, dice: “ Que el orzuelo lo curan pasando sobre él nueve veces, un anillo de oro o plata (mejor de lo primero), y de derecha a izquierda y la decisiva de izquierda a derecha, es decir, lo que vulgarmente se conoce con el nombre de “correr” el orzuelo”³⁵.

Na parroquia de Cereixedo (Cervantes) collían tres pallas dunha palloza; unha delas tiña que ter un nó; logo poñíanse en forma triangular e metíanlle lume por baixo mentres se recitaba o seguinte ensalmo:

**“ Fuxe orizó,
que che queiman a casa**

³¹ DAFOUZ, Leonides. De Santa María de Gondar (Lugo), 83 anos.

³² NUEVA ENCICLOPEDIA LAROUSSE. Ed. Planeta, Barcelona, 1981, páx. 7296

³³ MARIÑO FERRO, X.R. La Medicina popular interpretada II, Vigo: Ed. Xerais, páx. 123.

³⁴ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús. Supersticiones de Galicia y Preocupaciones vulgares. Lugo: Ed. Celta, 5ª ed, 1971, p. 126.

³⁵ LIS QUIBÉN, Victor. La Medicina popular en Galicia. Madrid: Ed. Akal, 1980, p.288.

con tres pallas e un nó”³⁶.

No lugar de Moreda de Caurel (Seoane) (Folgozo de Caurel), para erradicar o tirizó, usaban unha folerpa mollada en manzanilla e pasábana polo ollo dicindo:

**“ Tirizó, tirizó,
con tres pallas e un nó,
o tirizó a sanar
e a palla a secar” ³⁷.**

En Mourence (Vilalba), para expulsar a enfermidade poñíanse sete pallas con sete nós dereitos na lareira. Logo, poñíanlles lume e pronunciaban as seguinte palabras:

**“¡Ai de Dios, que lle arde a casa
a tirizós.
Veciños, vide aquí que arde
a casa a tirizós”**

En Bolaño (Castroverde), para sandar a doenza facíase unha casa con palla e tuétanos de mazorca. Logo, prendíase lume e poñíase a cara ó fume, mentres se pronunciaban as seguintes palabras:

**“Arzolo, arzolín
queimoche a casa,
e vaite ó molin”³⁸.**

Na comunidade da Graña (Abadín), para expulsar este mal, facíase, con sete pallas que levaban sete nós, unha pequena figura, imitando a unha casa; logo, mentres se lle prendía lume, recitábase o seguinte ensalmo:

**“¡Ai de Dios
que arde a casa
dos tirizós,
con sete pallas
e sete nós”³⁹**

Na parroquia de Aspai (Outeiro de Rei), collíanse tres pallas de trigo e facíanse tres nós en cada palla; logo prendíaselles lume e asustábase á persoa que tiña os tirizós mencionando as seguintes palabras:

³⁶ AMIGO ALBA, José. Cereixedo (Cervantes), 97 anos.

³⁷ RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Estrella e CASTRO CELEIRO, Antonio. De 73 e 76 anos.

³⁸ ÁLVAREZ ARIAS, María Josefa. De Bolaño (Castroverde), 72 anos.

³⁹ CASTIÑEIRA MARTÍNEZ, Mercedes. Da Graña (Abadín), 40 anos.

**“¡Ai de Dios, de Dios,
que arde a casa dos tirizós,
con tres pallas e tres nós”⁴⁰.**

En Santa María de Gondar (Lugo), para sandar a doenza, o afectado tiña que ir a un rego de auga onde se colocaba de tal xeito que a auga pasase polo medio das súas pernas. Logo, poñía unha moeda de prata – mollada coa auga do rego- na boca á beira dos dentes. Nese intre pronunciaba o seguinte ensalmo:

**“Tirizós, tirizós,
que ahí estáis,
que ahí vos quedáis,
tirizós, tirizós,
con tres pallas e tres nós,
librame a min deste mal.
Pola gracia de Deus e da Virgen María”⁴¹.**

Ao rematar o ensalmo, rezábase un painoso e unha avemaría.

En Donalbai (Begonte), para expulsar os tirizós facíanse tres nós de palla e, logo, tirábanse ao lume. O que tiña os tirizós marchaba da casa dicindo:

**“Ai, de Dios,
que me arde a casa
con tres nós tirizós”⁴².**

En Pacios (Begonte), para sandar a doenza, pasábanse tres pallas polo tirizón. Logo, uníanse facendo tres nós e botábanse no lume dicindo:

**“Ai de Dios,
ai de Dios,
que arde a casa
dos tirizós,
con tres pallas
e tres nós”⁴³.**

Tamén, logo, de pasaren as tres pallas polo tirizón, adoitábase recitar as seguintes palabras:

⁴⁰ VÁZQUEZ, Josefa. Aspai (O. de Rei), 83 anos.

⁴¹ DAFOUZ, Leonides. De Santa María de Gondar (Lugo), 83 anos.

⁴² BLANCO PRADO, José Manuel. Religiosidad popular en el municipio de Begonte, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 275.

⁴³ BLANCO PRADO, José Manuel. Religiosidad popular en el municipio de Begonte, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 275.

**“Ai de Dios, ai de Dios,
que arde a casa dos tirizós”⁴⁴.**

En Cazás (Xermade), para erradicar os orizós, fanse cruces nos ollos con tres pallas que teñan tres nós. Ó mesmo tempo dise:

**“Orizó, orizó;
sae do ollo
e vaite ó nó.
Co poder de Dios
e da Virxen María,
un Padrenuestro
e unha Avemaría”⁴⁵.**

O ritual faise ata que pasen.

Na parroquia de Santiago de Cubilledo (A Fonsagrada), para expulsar ós tirizós, collían sete pallas sin nós e unha con nós e poñíanas nalgún lugar, imitando a un palleiro; logo plantábanlle lume e poñían a cara do doente por riba do fume mentres lle mandaban dicir:

“Xo, xo, que lle arde a casa ó orizó”

Logo, o que lle acompañaba respondía:

**“Xo, xo, que lle arde a casa ó orizó
con sete pallas e un nó.
Por el poder de Dios y de la Virgen María,
un padrenuestro y un avemaría”⁴⁶.**

Na parroquia de Villarente (Abadín) usábase o seguinte ensalmo para curar os tirizós:

**“¡Ai de Dios, de Dios,
que lle arde a casa dos tirizós,
con sete velas e sete nós”⁴⁷.**

Na parroquia de Goá (Cospeito) para sandar os tirizós había que saltar seis veces por riba de tres pallas con tres nós ardendo mentres se recitaba a seguinte fórmula:

“¡Ai de Dios, de Dios,

⁴⁴ BLANCO PRADO, José Manuel. Religiosidad popular en el municipio de Begonte, Lugo: Deputación provincial, 1992, pág. 275.

⁴⁵ CRESPO ARES, Alicia. De Castro da Igrexa. Cazás (Xermade).

⁴⁶ GÓMEZ PESTAÑA, José Antonio. De Santiago de Cubilledo (A Fonsagrada), 59 anos.

⁴⁷ RODRÍGUEZ LEAL, Edmunda. De Vilarente, 69 anos.

**que lle arde a casa dos tirizós
con tres pallas e tres nós,
e non hai quen lle vaia
se non é Dios”⁴⁸.**

Na parroquia de Vilapedre (Vilalba) para sandar os tirizós usábase o seguinte procedemento: en primeiro lugar, facíanse nove nós de palla trenzados e mistos. A continuación, coa man dereita collíanse os nove nós de palla e colocábanse cruzados. Finalmente, prendíase lume e comezábase a pronunciar a seguinte oración:

**“Dios, que lle arde a casa dos tirizós
e non lle podemos valer nós.
Polo poder que Dios ten e a Virgen María. Amén”⁴⁹.**

Esta práctica executábase durante nove días, e cada día nove veces. Despois de cada oración rézase un Padrenuestro.

Na parroquia de Donís (Cervantes), para sandar a doenza do orizopo⁵⁰ construíase unha casiña de palla e, logo, prendíase lume. Mentres ardía, pronunciábanse as seguintes palabras:

**“Queimo a palla,
e o palleiro,
e queimo o meu orizopo”⁵¹.**

Na parroquia de Pino (Cospeito), facíase unha casa de pallas con nós; logo, queimábase e dicíanse as seguintes palabras:

**“¡Ai de Deus, que lle arde
a casa ós tirizós”⁵².**

En Grolos (Guntín) para erradicar ós orizós facíase un nó cunha palla e poñíase ó carón do ollo infectado mencionando as seguintes palabras:

**“Ourizó, ourizón,
sal do ollo e vaite ó nó.
Co poder de Deus e da Virxe María,
un padrenuestro e un avemaría”⁵³.**

⁴⁸ LAMAS, Ana. de Goá (Cospeito), 69 anos.

⁴⁹ BALSEIRO OROSA, Edelmira. De Vilapedre (Vilalba), de 79 anos.

⁵⁰ Son graniños que lles saen as persoas nos ollos na parte interior da palpebra de abaixo.

⁵¹ GÓMEZ GARCÍA, Eduardo. Donís (Cervantes), 55 anos.

⁵² MOURE BARRIO, Manuel. De Pino (Cospeito), 75 anos.

⁵³ LÓPEZ, Angelina. De Grolos (Guntín), 71 anos.

Esta fórmula tiña que repetirse outras dúas veces.

Na comunidade de Folgoso de Courel expulsábase ós tirizós do seguinte xeito: collíanse tres pallas con tres nós e poñíanse os tres nós no tirizó; logo citábase tres veces o seguinte ensalmo.

**“Tirizó vaite ó nó,
tanto dure o tirizó como o nó”⁵⁴.**

Finalmente botábanse as pallas ó lume.

Na parroquia de Carlín (Friol), pronunciábanse as seguintes palabras para botar o orizó.

**“Arzuelín te hecho
a mi ojo derecho,
mírame bien
que te lo echo”⁵⁵.**

Na parroquia de Corbelle (Vilalba), para sandar dos tirizós, collíanse tres pallas que tiñan tres nós. Logo, pasándoas por riba dos ollos dicíanse as seguintes palabras:

**“Orizó, orizó,
sae do ollo,
e vaite ó nó.
Co poder de Deus,
e a Virxen María”⁵⁶.**

A continuación, rezábase un painoso e un Avemaría.

En Gracián (Castroverde), poñen tres pallas dereitas e xuntas sobre unha pouca cinsa, cuidando que unha delas teña un nó. Logo, préndenlles lume e, mentres arden, repiten tres veces, sen coller aire.

**“Quéimate, torizó,
con tres pallas e un nó”⁵⁷.**

No concello de Bóveda, para sandar a doenza, facían o seguinte ritual:

⁵⁴ Lola. De Folgoso de Courel, 84 anos.

⁵⁵ CABADO LÓPEZ, Amadedo. De Carlín (Friol), 77 anos.

⁵⁶ PRIMITIVA. De Corbelle (Vilalba).

⁵⁷ LOZANO DOCANDO, Carmen. De Gracián (Castroverde), 82 anos.

Nun cruce de camiños (mellor catro que tres) construíanse catro casetiñas de pedra. Despois colocábanse en cada unha delas unhas pallas ás que se poñía lume. Finalmente dicíanse as seguintes palabras, dando catro voltas ó redor das casetiñas:

**“¡Ai de Dios
que arde a casa dos tirizós”⁵⁸.**

En Carballosa (Xermar) (Cospeito), para curar a doenza, recitábase o seguinte ensalmo:

**“¡Ai de Dios, de Dios
que arde a casa dos tirizós,
de tres pallas,
de tres nós”⁵⁹.**

En Santa Mariña do Monte (Monforte de Lemos), facíanse tres cruces cos dedos en cada ollo, mentres se recitaba o seguinte:

**“Correr nenos o ichó,
que arde a casa do Terizó”⁶⁰.**

Para expulsar este mal pronunciábase un ensalmo unha vez, agás en tres ocasións nas que se mencionaba tres veces e nunha que se recitaba nove.

Esta doenza recibía diferentes nomes: orizo, tirizó, torizó, terizo, arzolo, arzolín, ourizo, ourizón...

A curación da enfermidade tiña como denominador común o lume no que se queimaban un número variable de pallas ao igual que os nós que amosaban.

Polo tanto, en canto ao número de casos estudados, podemos establecer a seguinte relación entre o número de pallas empregado e os nós usados.

NÚMERO DE PALLAS	NÓS USADOS
3	1 en cada palla
3	9 en cada palla
1	3
1	1
1	9
3	3

⁵⁸ Concello de Bóveda.

⁵⁹ LOZANO ANIDO, Amparo. De Carballosa (Xermar) (Cospeito), 79 anos.

⁶⁰ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Dionisia. De Santa Mariña do Monte (Monforte de Lemos), de 75 anos.

3	3
3	3
7	1
7	7

III. DOENZA DAS LOMBRIGAS.

As lombrigas son gusanos coñecidos científicamente co nome de “*Ascaris lumbricoides*”. Son moi semellantes ás lombrigas de terra, de cor branquecino, afiado por ámbolos dosus extremos. Teñen como morada no noso organismo o intestino delgado producindo, entre outros transtornos, cólicos e diarreas. Afecta de un xeito preferente aos cativos.⁶¹.

Las lombrices son unos gusanos de forma redonda que pueden medir desde unos pocos milímetros hasta un metro de longitud. Los hay de varios tipos, pero los más habituales son los oxiuros (*Enterobius vermicularis*), unos gusanos de color blanco de hasta un centímetro de longitud. Afectan principalmente a los niños. Viven en la parte baja del intestino grueso y los gusanos hembras, que parecen hilos blancos, salen por la noche a depositar sus huevos microscópicos alrededor del ano, causando así picor e irritación⁶².

Os nomes máis usuais da enfermidade eran os de bichas, bichillas, lombrigas e lombrices.

As causas da súa aparición son variadas.

Nalgúns lugares de Galicia sosteñen que estas aparecen segundo as fases da lúa. Noutros que xa nacemos con elas no corpo, sendo algo consustancial con nós mesmos, como un órgano máis⁶³.

Las causas fundamentales que producen la infección son la ingestión de agua o de alimentos contaminados, y el contacto con las larvas, que pueden penetrar a través de la piel⁶⁴.

En canto as connotacións simbólicas das lombrigas identifícanse co verme.

Débese a su frecuente carácter subterráneo, a su inferioridad, a su relación con la muerte y con los estadios de disolución o primariedad biológica. Así es muerte relativa lo

⁶¹ LIS QUIBÉN, Victor. La Medicina popular en Galicia, Madrid: Ed. Akal, 1980, p. 213.

⁶² VALVASSORI, Mita. “Ensalmos y ritos contra las lombrices en Italia: del Decamerón (VII, 3) de Boccaccio a la tradición folclórica contemporánea”, en *Culturas Populares*. Revista Electrónica 2 (mayo-agosto 2006). <http://www.culturaspopulares.org/textos2/articulos/valvassori.htm>. ISSN:1886-5623, p.1.

⁶³ BECOÑA, Elisardo. Medicina Popular, Vigo: Ed. Ir Indo, 1989, p. 41.

⁶⁴ VALVASSORI, Mita. Ob. cit., p. 1.

que simboliza, pues, en el fondo –como la serpiente– es un exponente de la energía reptante y a nudada ⁶⁵.

O verme, como a serpe que é o principio do mal, está vencellado coas forzas negativas que entran no corpo humano e o corrompen ata lévalo a morte.

¿Mais como entra este mal no corpo? Polos buratos que posúe. Estes propician que o individuo entre nun estado permanente de doenza.

Tener agujeros abiertos en el cuerpo ha sido siempre considerado como una eventualidad peligrosa, como un accidente temible que pone en cuestión la integridad y el equilibrio de la persona y al que se debe poner remedio material y simbólico ⁶⁶.

Os remedios para sandar esta doenza, poden ser por medio de sustancias naturais ou recursos máxicos baseados en ensalmos e ritos, que presentan unha forte connotación popular.

Os remedios para elas inclúen elementos naturais que as expulsan do estómago, coma o limón ou o allo, aceite, ruda, amenta, unto, etc. Tamén se estende borralla sobre a barriga que despois se corta cun coitelo ó mesmo tempo que se recita o ensalmo ⁶⁷.

Trapero Pardo fai referencia á copia dun impreso do século XVIII, que está encabezado por unha cruz. Nos seus ángulos figuran pequenas estrelas e os seus brazos están franqueados por uns rústicos anxos, que amosan unha actitude de voar alongando un brazo de cara a cruz. Ó redor da parte inferior da cruz figura a fórmula de exorcismo, que comeza co habitual ***“Christus vivit, Christus regnat, Christus imperat”***, afastando cada palabra coa cruz indicadora do que leía a fórmula, que tiña que realizar coa súa man unha cruz en forma de bendición.

Nesa primeira fórmula en latín, como as demais, se ordena aos demos para que abandonen á persoa na que están introducidos así como todo lugar e casa que houbesen ocupado.

As oracións que seguen son máis concretas, xa que fan alusión ás lombrigas, ás que se ordena ***“que no nome de Xesús Nazareno, vosoutras, lómbregas, convertidas en auga, marchedes deste corpo”***.

Logo, levábase a cabo a bendición sobre a persoa doente e pronunciábanse as seguintes palabras: ***“Pola sinal da Santa Cruz, fajte sana, creatura de Deus, de toda doenza, e estes vermes morran ao instante, e axiña, botados fora, saian do teu corpo”***.

⁶⁵ CIRLOT, J.E. *Diccionario de símbolos*, Madrid: Siruela, páx. 239.

⁶⁶ PEDROSA, J.M. *La historia secreta del ratón Pérez*. Madrid: Páginas de Espuma, 2005, páx. 199.

⁶⁷ BECOÑA, Elisardo. Ob. cit., p. 41.

Como remate, invócase á Virxe, aos santos e aos apóstolos para que garden a persoa e a conserven ilesa de toda infestación de Satanás e os seus ministros⁶⁸.

⁶⁸ TRAPERO PARDO, José. “Exorcismo popular contra las lombrices”, *en Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*

Deus Bene ✚ dicat.

L. N. R. L.

Cru ✚ cem



Beati

V. R. S.

Domin.

C. S. S. M.

L.

N. D. S. M. D.



Fugite par-

N. S. M. V. S. M. Q. L. I. V. B.

tes adversæ.

Christus ✚ vivit, Christus
Christus ab omni malo te Dei
Maledicti Dæmones in virtute
num Adonai, Sabaoth. Jeho-
Hemousion, Tetragrammaton,
sias, & Emmanuel, separamus
loco, & domo, ubi hæc Sanc-
& ligamus vos, ut non possitis
dicti in stagnum ignis, sive ad
perat vobis Deus ✚ Pater,
imperat vobis Deus ✚ Spiritus
Sanctissima ✚ Trinitas

Radix David. Alleluja.

✚ regnat, Christus ✚ Imperat,
creaturam defendat. Amen.
istorum Sanctorum Dei nomi-
va, Eloi, Athanasios, Soter,
Agios, Otheos, Ischiro, Mes-
vos à creatura ista, & ab omni
tissima Nomina scripta fuerint:
ullo modo nocere ei. Ite male-
loca à Deo vobis assignata. Im-
imperat vobis Deus ✚ Filius,
Sanctus, imperat vobis
Unus Deus. Amen.

O R E M U S.

Accipiat, quæsumus, Domine Deus noster, bene ✚ dictionem tuam creatu-
ra tua ista. qua, & corpore salvetur, & mente: con-
gruamque tibi exhibeat servitutem, atque tua semper propitiationis benefica inve-
niat. Per Christum Dominum nostrum. Amen.

CONTRA LOMBRICES.

Potestas Dei ✚ Patris, Sapientia, Dei ✚ Filii, & Virtus Spiritus ✚ Sancti
liberet, & sanet te, creatura Dei, ab infirmitate lumbricorum. Amen.
In nomine Jesu Christi Nazareni conjuro ✚ vos lumbrices, ut conversi in aquam
recedatis à corpore isto, in honorem Dei, & per intercessionem ipsius puri-
simæ Matris, omniumque Sanctorum ejus. Amen.

Per signum Sanctæ Cru ✚ cis, efficiaris sana, creatura Dei, ab omni
infirmitate, et vermes isti statim moriantur, citoque procul abjecti, à tuo cor-
pore exeant, ut in Domino gaudentes, dicamus ad laudem, & gloriam ejus:
Dum appropiant super me nocentes, ut edant carnes meas... ipse infirmitati sunt,
& ceciderunt. Amen.

Qui ✚ Verbum caro factum est, & habitabit in nobis nascens ex Maria Vir-
gine, per ineffabilem pietatem, & misericordiam suam piissimam, & per in-
tercessionem Beatæ Mariæ Virginis, Sanctorumque omnium, & maxime
Apostolorum et Evangelistarum: ipsum quæso, ut dignetur te creaturam ejus
liberare, & illam conservare ab omni infestatione Satanz, & ministrorum
ejus Qui cum Pater, & Spiritu Sancto vivit, & regnat in sæcula sæculorum.
Amen. Amen. Amen. Fiat. Fiat. Fiat.

Santiago: Imprenta de la Viuda de Nuñez.

En Antas de Ulla esténdíase borralla sobre a barriga do doente e, logo, íase cortando a borralla, mentres se recitaba o ensalmo seguinte:

**“Córtamas, Mariña,
que sodes nove.
De nove quedades oito,
de oito quedades sete,
de sete quedades seis,
de seis quedades cinco,
de cinco quedades catro,
de catro quedades tres,
de tres quedades dúas,
de dúas quedades unha,
e esta é para Mariña”⁶⁹.**

Nas Pedreiras (Ramelle) (Friol), cando unha persoa tiña lombrigas, dicían a seguinte fórmula:

**“Doce lombrices tiene su varcal,
de doce se vuelven once,
de once se vuelven diez,
de diez se vuelven nueve,
de nueve se vuelven ocho,
de ocho se vuelven siete,
de siete se vuelven seis,
de seis se vuelven cinco,
de cinco se vuelven cuatro,
de cuatro se vuelven tres,
de tres se vuelven dos,
de dos se vuelve unha,
reservaremos esta para su varcal,
para que ninguna de ellas haga mal.
Polo poder de Dios y de la Virgen María,
un padrenuestro y un avemaría”⁷⁰.**

No lugar de Caboxo (Fanoi) (Abadín) para curar as lombrices dos nenos collíase un anaco suficiente de bieiteiro, que chegase para os nove días nos que había que dicir as seguintes palabras:

**“Corto lombrices
a tódolos males
quitadas as do arnal.
Non é pola miña sabiduría
que é pola que Dios ten**

⁶⁹ PORTOMEÑE GARCÍA, Francisco. Ponte Merce (Antas de Ulla). Maís de 70 anos.

⁷⁰ BARREIRO CARREGAL, Carmen. Das Pedreiras (Ramelle) (Friol).

e a Virxen María. Amén”⁷¹.

Logo dise o painoso.

Esta fórmula ten que citarse nove días seguidos e ó mesmo tempo vaise cortando o anaco de bieiteiro.

Na comunidade de Caborrecelle (Portomarín), para erradicar as lombrigas, faise mención ó seguinte ensalmo:

**“Que de catorce queden trece,
de trece que queden doce,
de doce que queden once,
de once que queden diez,
de diez que queden nueve,
de nueve que queden ocho,
de oito que queden sete,
de sete que queden seis,
de seis que queden cinco,
de cinco que queden catro,
de catro que queden tres,
de tres que queden dos,
de dos que quede una,
e unha que quede para arca vacia,
con permiso de Deus e da Virxe María.
Un padrenuestro e un avemaría”⁷².**

No lugar de Landoi (Cazás) (Xermade), dábanse nove voltas ó redor dun cruceiro pronunciando as seguintes palabras:

**“As lombrigas son nove,
de nove que se convertan en oito,
de oito en sete,
de sete en seis,
de seis en cinco,
de cinco en catro,
de catro en tres,
de tres en dúas,
de dúas en unha,
e de unha en ningunha.
Pola gracia de Dios,
e da Virxen María,
nove Padrenuestros e nove Avemarías”⁷³.**

⁷¹ CASABELLA CASTIÑEIRA, Guillermina. De Caboxo (Fanoi) (Abadín).

⁷² REGAL MÉNDEZ, Adelaida. De Caborrecelle (Portomarín).

⁷³ MORADO PRIETO, Josefa. De Landoi (Cazás) (Xermade). De 72 anos.

En Sudros (S. Pedro do Río) (A Fonsagrada), para expulsar ás lombrigas, cóllense dúas pólas de bieiteiro e pásanse polo ventre da doente facendo unha cruz. Este ritual lévase a cabo nove veces, mentres se recita a seguinte fórmula:

**“Como Deus te fixo,
que Deus te desfaga”⁷⁴.**

Na mesma comunidade, usábase tamén a seguinte cerimonia: collíase unha culler grande de aceite, tomábase de súpeto e logo citábanse as seguintes palabras:

**“Pola gracia de Deus
e da Virxe Maria,
que estas lombrices
eles mas quiten
con un padrenuestro
e un avemaría”⁷⁵.**

Esta cerimonia realizábase nove veces.

Na parroquia de Pígara (Guitiriz) usábase o seguinte ensalmo para cortar as lombrigas:

**“(Nome da persoa) tiña nove lombrices,
de nove quedaronlle oito,
de oito quedaronlle sete,
de sete quedaronlle seis,
de seis quedaronlle cinco,
de cinco...catro,
de catro...tres,
de tres... dúas,
de dúas quedoulle unha,
e aquela e do arcal
e que non lle faga mal.
Non é polo meu poder
nin pola miña sabiduría,
senón polo poder de Dios
e da Virgen María.
Un padrenuestro
e un avemaría”⁷⁶.**

Ó rematar o ensalmo botábanse nove pallas do tamaño dun escarvantes nun oco feito na cinsa da lareira ou a cociña, tapando logo coa mesma cinsa. Este ritual repetíase durante nove días.

⁷⁴ LÓPEZ LÓPEZ, Amadora. De Sudros (S. Pedro do Río), 83 anos.

⁷⁵ “ “ “ . De Sudros (S. Pedro do Río), 83 anos.

⁷⁶ LÓPEZ FELPETO, M^a del Carmen. De Pígara (Guitiriz).

En Santa Mariña do Monte (Monforte de Lemos), cun coitelo simulábanse tres cortes na barriga, nas mans e nas sienes. Ao mesmo tempo recitábanse as seguintes palabras, unha vez, por cada corte.

**“Lombrices encantadoras
vadevos de aquí,
que acero cortante,
pasou por aquí”⁷⁷.**

En Santiago de Gaioso (Outeiro de Rei), para sandar a enfermidade, levaban o doente ao crego quen recitaba un ensalmo; un dos máis coñecidos era o seguinte:

**“Pra nós nunca o alentar
pra nós nunca o devecer,
pra nós nunca o vivir,
pra este poder sanar,
pra estas ter que morrer,
pra os bechos fuxir”⁷⁸.**

En Ligonde (Monterroso), para expulsar as lombrigas, lavábase a cara do doente no río, mentres se recitaba a seguinte fórmula:

**“Augas correntes deste río,
levenme esta pestizase
para ben lonxe de min,
para que así acabe tamén de todo
a dor que sentía por ela”⁷⁹**

No San Matías (O Veral) (Lugo) utilizábase a seguinte fórmula para expulsar as lombrigas:

**“Señor Santo Padre
dí a estas
que separen de esta criatura
todo animal dañino,
espíritu maligno,
animal inmundo
y que en ella sea salud y vida”⁸⁰.**

⁷⁷ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Dionisia. De Santa Mariña do Monte (Monforte de Lemos), de 75 anos.

⁷⁸ SOCORRO. De Santiago de Gaioso (Outeiro de Rei), de 70 anos.

⁷⁹ VILA VILA, Aurea. De Ligonde (Monterroso), 82 anos.

⁸⁰ BARREIRO BARREIRO, Carmen. De S. Matías (O Veral), 78 anos.

Na parroquia de Cabreiros (Xermade), para erradicar as lombrigas usábase as seguintes palabras:

**“A quen corto lombrices,
de nove en oito,
de oito en sete,
de sete en seis,
de seis en cinco,
de cinco en catro,
de catro en tres,
de tres en dúas
de dúas en unha,
de unha a ningunha,
fóra todas menos a do orcal.
Polo poder de Dios
e da Virxen María,
un padrenuestro e unha Avemaría”⁸¹.**

Nesta parroquia, tamén se utiliza o seguinte ensalmo:

**“Este meniño ten nove lombrices,
das nove quítalle unha e quedan oito,
das oito quítalle unha e quedan sete,
das sete quítalle unha e quedan seis,
das seis quítalle unha e quedan cinco,
das cinco quítalle unha e quedan catro,
das catro quítalle unha e quedan tres,
das tres quítalle unha e quedan dúas,
das dúas quítalle unha e queda unha.
Ésta, que Deus a conserva chea e farta.
Pola gracia de Deus e da Virxe María. Amén”⁸².**

Esta bendición dise ao longo de nove días, nos que se reza un painoso e unha avemaría.

Segundo o ritual, cada día ten que morrer unha lombriga.

En Bolaño (Castroverde), para sandar as lombrigas, cortábanse nove ramiñas de sabuco ou de venteiro á medida do pé do afectado. Logo, queimábanse, agás unha que se sostiña sobre o pé, mentres se pronunciaba o seguinte ensalmo:

**“As lombrigas eran nove,
de nove volvéronse oito,
de oito volvéronse sete,
de sete volvéronse seis...
.....**

⁸¹ PAZ GATO, Elisa. De Cabreiros (Xermade), 77 anos.

⁸² “ “ “ “ “ “ “

**de dous volvéronse unha.
Todas as corto,
non sendo a villareal,
aquela non a corto,
nin lle fago mal”⁸³.**

Ao rematar o ensalmo, rezábase un painoso e un avemaría. Este ritual realizábase tres días consecutivos.

Na parroquia de Mourence (Vilalba), recitábanse as seguintes palabras:

**“¿Qué cortas ahí?
Lombrices e pichoces,
a non ser a do barcal,
aquela que non pasa mal”⁸⁴.**

Ao mesmo tempo, colocábase unha cruz de bieiteiro.

No lugar da Balsa (Muras), para sandar a doenza, utilizábase a seguinte pregaria:

**“(Nome do neno) ten bichiñas,
ten unha,
ten tres,
ten cinco,
ten sete,
ten nove,
todas elas morran
so quede a be-a-ba”⁸⁵**

Na comunidade de Fontaneira (Baleira) usábase o seguinte ritual para erradicar a doenza: Colocábase ó meniño espido boca abaixo. A persoa que lle ía quitar o mal collía unha navalla (de afeitar ou das outras) e facíalle tres cruces nas palmas dos pés, das mans e na espalda. Como remate untábaselle un pouco de mel nas costas e dicíase a seguinte fórmula:

**“Virxe Santa que me ve
curar un anxeliño do ceo (nome do neno),
polas chagas que sufriu
Noso Señor no Calvario;
dame forzas para matar
as lombrigas que padece
e que non lle volvan máis
a este anxeliño que é teu”⁸⁶.**

⁸³ ÁLVAREZ ARIAS, María Josefa. De Bolaño (Castroverde), 72 anos.

⁸⁴ Informante de Mourence (Vilalba).

⁸⁵ PARDIÑO TRASTOI, Virginia. Da Balsa (Muras), 86 anos.

Na parroquia da Graña (Abadín), para expulsar o mal, utilizábase a seguinte cerimonia: cortábanse nove ramiñas da medida do pé do pequeno e recitábase o seguinte ensalmo:

**“As lombrices eran nove,
de nove volvéronse oito,
de oito volvéronse sete,
de sete volvéronse cinco,
de cinco volvéronse catro,
de catro volvéronse tres,
de tres volvéronse dúas,
de dúas volvéronse unha.
Todas as corto,
non sendo unha.
Aquela non a corto,
nin lle fago mal.
Co poder de Dios
e da Virxen María,
un padrenuestro
e un avemaría”⁸⁷.**

Logo queimáanse as ramiñas, mais unha delas segue sobre o pé. Este ensalmo tiña que dicirse durante tres días consecutivos.

Na parroquia de Pacios (Begonte), recitábase o seguinte ensalmo para expulsar as lombrigas:

**“As lombrices de fulano de tal son nove,
de nove se volvan oito,
de oito se volvan sete,
de sete se volvan seis,
de seis se volvan cinco,
de cinco se volvan catro,
de catro se volvan tres,
de tres se volvan dúas,
de dúas se volva unha,
de unha ningunha.
Polo poder de Dios e da Virxen María”⁸⁸.**

Ao rematar o ensalmo, rezábase un painoso e unha avemaría.

⁸⁶ Adelina. De Fontaneira.

⁸⁷ CASTIÑEIRA MARTÍNEZ, Mercedes. Da Graña (Abadín), 40 anos.

⁸⁸ BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1992, páx. 270.

Na parroquia de Narla (Friol) vivía unha muller que se chamaba María da Portela, que se adicaba a sandar aos nenos que tiñan lombrices. Por tal motivo, levábanos a súa presenza, e, tan pronto como os veía, xa se daba de conta ao que viñan, e pronunciaba estas palabras: **“Demo fora”**, como se con elas xa quixiese dar comezo ao tratamento. A muller preguntaba se levaban carne de cerdo e pan de trigo, e merendaba na compañía da persoa que levara ao neno doente. Da merenda reservaba un anaco de pan e outro de xamón, e, cando remataban de merendar, engadía aos dous anacos mencionados un pouco de unto, unha herba que coñecían co nome de “ascenta”, lá dos testículos dun carneiro que tivese máis de tres anos e “cherrizo” (hollín das chemineas). Logo, envolvía todo nunha col e metíaa no interior dun braseiro. Logo de pasar dez minutos, sacabaa e con esa mixtura untaba ao enfermo comezando polas plantas dos pés, seguía polo ventre, palma das mans, punta do nariz, rematando na fronte. Ao mesmo tempo, pronunciaba o seguinte ensalmo:

**“Virgen Santa que me ve
curar a un anxeliño do ceo,
pol-as llagas que sofreu
noso Señor no Calvario,
dame forzas para matar
as Lombrigas que padece,
e que non lle volvan máis
a este anxeliño qu-é teu,
padecendo Lombrigueiro.”⁸⁹.**

Este ritual realizábao unha vez, e se o neno non sandaba, dicía que eran rebeldes e que para expulsalas tiña que “desconxuralas”. Nese caso mandaba traer un litro de aceite. Poñía un pouco nun vaso cunha mariposa e prendíalle lume. Logo, collía un libro que tiña escrito en latín e, colocandoo diante do neno, ía pasando follas e dicindo “aquí non” a cada unha que pasaba mais cando o neno comezaba a chorar dicía “é aquí” e lía naquela folla. Ó rematar manifestáballes que xa ficaban desconxuradas. Non embargantes, cando, malia o realizado, acodían de novo co neno doente dicía “que son mui grandes e que o noso Señor non quería que morresen”.

Nunha visión de conxunto, podemos manifestar que para erradicar as lombrigas cómpre distinguir unha serie de elementos relacionados entre si. Estamos a falar de obxectos, ritos e palabras. Os obxectos adoitan ser instrumentos cotiás que polas súas

⁸⁹ LIS QUIBÉN, Victor. *La medicina popular en Galicia*, Madrid: Akal, 1980, páxs. 219-220.

connotacións simbólicas amosan unha función de amuleto de cara ao mal. Ao longo da exposición fixemos alusión aos seguintes:

1. O bieiteiro que se utilizaba para realizar cruces polo ventre.
2. O coitelo que se usaba para simular cortes na barriga.
3. A navalla de afeitar empregada na realización de tres cruces na espalda, e nas palmas das mans e dos pés.

O rito está formado por actividades somáticas reiteradas que amosan un carácter cultural e simbólico importante. O último elemento recae nas palabras, base do ensalmo, que amosa uns trazos propios e, polo tanto, diferenciábles con respecto a outros recitados de índole máxico-relixioso. Soía rematar cun painoso e unha avemaría.

Finalmente, as veces nas que se leva a cabo a práctica ritual é dunha vez ao día; tres veces ao día; unha vez durante tres días; unha vez durante nove días e nove veces ao día.

IV. SIMBOLOXÍA MÁXICO-RELIXIOSA DOS NÚMEROS TRES E NOVE.

As prácticas rituais encamiñadas a sandación destas doenzas humanas e doutras, aínda non analizadas, adoitan realizarse normalmente tres, nove ou un número impar de veces.

Os números tres e nove foron considerados dende sempre, como díxitos que posuían unha función máxico-relixiosa. Así, a cosmovisión cristián baseábase nun sistema ternario (A Trindade).

O pensador galego Taboada Chivite manifestaba que o número tres é o que constitúe o eixo básico na maioría dos cultos: a tríada teolóxica celta, o ternario de Pitágoras, a adicación á Hecate grega, a terzine dantiana, as bruxas de Macbeth de Shakespeare, etc⁹⁰.

A estrutura ternaria está reflectida ao longo da historia nun bo número de ritos relixiosos e máxico-curativos.

Son innumerables los ensalmos y las rimas mágico-supersticiosas documentadas en la tradición folclórica moderna que insisten en la formulística del número tres (tres libros de oro, tres trabajadores, tres nubes, tres llaves, tres lancetas, tres rosarios, tres ángels, y muchas más fórmulas triples o trimembres...⁹¹.

⁹⁰ TABOADA CHIVITE, Xesús. *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Galaxia, 1972, páx. 126.

⁹¹ PEDROSA, José Manuel. *Ob. cit.*, páxs. 186-187.

Por outra banda, é indudable que na idea humana, viva, do tres e do ternario, entra a experiencia multisecular do biolóxico. Á existencia dos dous (pai e nai), segue case inevitablemente a do tres) (fillo). Polo tanto, o tres ten poder resolutivo do conflito reflectido polo dualismo e, tamén, é a resultante armónica da acción da unidade sobre o dous...Simboliza a influencia do activo sobre o pasivo⁹².

Así mesmo, o tres amosa non só equilibrio, senón que tamén é unha proxección da orde –en canto incumbe ao significado dos tres mundos: celeste, terrestre e infernal–, do ser humano e a vida –posibilidades morais do ben, o neutro e o mal–⁹³.

Con respecto á cultura galega é mester facer alusión a como este díxito influíu, ata hai poucos anos, na actitude ritualista adicada a sandación dun considerable número de doenzas.

Tres veces soen decirse os esconxuros; tres Marías curan o arangaño; tres veces pásase polo fumo ao doente e metiendo tres pedras no seio dunha doncela cesa o pedrazo⁹⁴.

En canto ao número nove podemos dicir que está ligado a Xesús xa que morre na novena hora. Polo tanto, liturxicamente a novena simboliza o tempo completo, o remate. Ademais este díxito ten unha relación simbólica coa xestación, co número tres (múltiplo de tres), e cos orificios do corpo, que, segundo a tradición popular, son unha vía de entrada a diferentes doenzas. Non resulta estrano polo tanto o emprego de diferentes prácticas rituais que teñen como denominador común o número nove.

...nove ondas han de se recibir na Lanzada (Pontevedra), nove veces mergúllase ao doente nas augas do Miño, nove litros de auga úsanse para curar o bocio; nove ramos de ortiga e nove graus de sal bótanse ao lume con nove veces o seguinte esconxuro: *Sal do salgar/ ortiga do ortigal/ márchate úlcera/ pro teu lugar/*, para a úlcera de estómago⁹⁵. Ensalmos empregados no traballo⁹⁶.

O emprego deste díxito é moi probable que tivera unha orixe persa, que iría pasando nun primeiro momento aos musulmáns. Logo, destes aos xudeus, que serían os encargados de espallala por Europa denates da Idade Media⁹⁷.

⁹² CIRLOT. *Diccionario de símbolos*. Madrid: Siruela, 1997, páx. 437.

⁹³ VALVASSORI, Mita. *Ob. cit.* páx. 10.

⁹⁴ TABOADA CHIVITE, Xesús. *Ob. cit.*, páx. 126.

⁹⁵ “ “ “ “ “ “ 126.

⁹⁶ Algúns ensalmos que emprego neste artigo, como fago constar, citáanse nove días consecutivos; nove veces nun día; e nove veces nun día durante nove días consecutivos.

⁹⁷ GAVILANES, Emilio. “El número nueve en la medicina popular”, en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 1, I, 1995, páx. 253.

Como remate, podemos manifestar nunha visión de conxunto que a distribución do emprego deste díxito na menciña popular non é de índole arbitraria ou casual. Cabe a posibilidade de conxecturar que a crenza de que o corpo humano posúe nove orificios, polos que entra a enfermidade, e con ela os ritos curativos que leva aparellados é de orixe indoeuropeo⁹⁸.

V. A CRUZ, COMO SÍMBOLO PROTECTOR.

Trátase dun elemento moi representativo, e isto podemoso reflectir nas diferentes doenzas que acabamos de analizar nas que interven como un importante símbolo protector e sandador das mesmas.

Así na sandación das belidas facíamos alusión á cruz nalgúns rituais:

En Aspai (Outeiro de Rei) tomábanse nove grans de trigo e botábanse en auga; logo collíase un e *facíase o sinal da cruz* sobre o ollo doente, mentres se mencionaba as seguintes palabras...

Con respecto aos orizós acontecía outro tanto.

En Cazás (Xermade), para erradicar os orizós, fanse cruces nos ollos con tres pallas que teñan tres nós...

Finalmente na curación das lombrigas facíamos tamén partícipe á cruz.

En Sudros (S. Pedro do Río) (A Fonsagrada), para expulsar ás lombrigas, cóllense dúas pólas de bieiteiro e pásanse polo ventre da doente facendo unha cruz.

A actitude de trazar ese símbolo sobre certas partes do corpo do doente motiva a bendición dese órgano e a súa curación. A cruz bendice, protexe e expulsa o mal da persoa santiaguada. En consecuencia, este elemento emprégase como amuleto xa que as propiedades benéficas do mesmo proiectáanse sobre as persoas coas que está en contacto⁹⁹. Ata o intre actual, e durante moitos séculos, no mundo cristiano os ritos de bendición, de purificación, de prevención e sandación de doenzas, de diferente índole, foron inseparables da manifestación da cruz. Por outra banda, como o corpo humano está provisto dunha serie de buratos que o fan vulnerable ante algunhas doenzas –véase

⁹⁸ GAVILANES, Emilio. *Ob. cit.* páx. 261.

⁹⁹ VALVASSORI, Mita. “Ensalmos y ritos contra las lombrices en Italia: del Decamerón (VII, 3), en de Boccacio a la tradición folclórica contemporánea. Culturas Populares. Revista Electrónica 2, nº 2, 2006, páx. 8.

lombrigas– podemos interpretar o ritual da cruz como o acto de pechar os ocos ante o mal que provén do exterior.

VI. SIMBOLISMO DALGUNHAS PRÁCTICAS RITUAIS.

Como remate ao traballo, é mester aludir ao carácter homeopático ou por analoxía que amosan certas prácticas rituais coas doenzas que desexamos sandar. Isto lévanos a establecer unha relación de identificación que permite aludir a como unha cualidade dun obxecto se transmite a outro co que garda unha conexión de analoxía ou semellanza.

Polo tanto, o que se realiza con estes rituais é imitar dun xeito deliberado aquilo que se pretende acadar. *“Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir”*¹⁰⁰.

Nun bó número de ensalmos adicados a sandar aos orizos, faise alusión a como se lle prende lume ás súas casas, para que poidan fuxir. Isto reflicte dun xeito claro unha alusión analóxica entre a casa que habita o orizó e o ollo do doente. Polo tanto, prenderlle lume á propiedade na que reside o orizo motiva que deixe o ollo.

Un ensalmo asturiano, reflicte o que rematamos de dicir:

**“Orizó, orizolo
quéimuche a casa
y déxame el ollo”**¹⁰¹.

Por outra banda, nalgunhas prácticas rituais podemos reflectir como hai una transferencia do mal ao longo dunha cadea sen alusión explícita a poderes ou ben facendo referencia a iles¹⁰². Isto podemoso apreciar nunha serie de ensalmos e ritos descritos ao longo do presente traballo.

A. Doenza das Belidas.

En Sudros (S. Pedro do Río) (A Fonsagrada) cóllíanse nove grans de trigo, de colleita propia, e pasábanse, un a un, por diante do ollo facendo unha cruz, mentres se recitaba o seguinte ensalmo:

“Desfeita con fume

¹⁰⁰ FRAZER, J.G. *La rama dorada*. México: F.C.E., 1969, páx. 41.

¹⁰¹ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *La medicina popular interpretada, II*. Vigo: Xerais, 1986, páx. 125.

¹⁰² VÁZQUEZ VARELA, José Manuel. *Introducción á Antropoloxía da veterinaria popular en Galicia*. Ourense: Deputación provincial, 2003, páx. 143.

**e aire fuches feita.
De nove te volvas oito,
de oito sete,
de sete seis,
de seis cinco,
de cinco cuatro,
de cuatro tres,
de tres dous,
de dous un,
e dun ningún”¹⁰³.**

Estas palabras había que dicilas nove veces e por cada unha delas bótabase nun recipiente de auga un gran de trigo.

Neste exemplo, temos unha transferencia do mal ao longo dunha corta cadea sen alusión explícita a poderes.

En Pino (Cospeito), botaban nunha taza auga fría e nove graos de trigo. Logo, collían un grao e pasábano por riba da belida, recitando ao mesmo tempo as seguintes palabras:

**“Santa Lucía,
tres fillas tiña:
unha tecía,
outra urdía,
e a outra belidas
dos ollos desfecía.
Pola gracia de Deus,
e da Virxen María,
un padrenuestro
e un Avemaría”¹⁰⁴.**

Ao rematar, tiraban o grao ao chán e repetían o ritual cos oito graos restantes. Isto facían pola noite e durante nove días seguidos.

Pola contra, neste exemplo, a transferencia do mal lévase a cabo ao longo dunha breve cadea facendo alusión a poderes de índole relixiosa.

B. Doenza dos Orizós.

Na comunidade de Folgoso de Courel expulsábase ós tirizos do seguinte xeito: collíanse tres pallas con tres nós e poñíanse os tres nós no tirizo; logo citábase tres veces o seguinte ensalmo.

¹⁰³ LÓPEZ LÓPEZ, Amadora. De 83 anos.

¹⁰⁴ MOURE BARRIO, Manuel. De Pino (Cospeito), 75 anos.

**“Tirizó vaite ó nó,
tanto dure o tirizó como o nó”¹⁰⁵.**

Finalmente botábanse as pallas ó lume.

Neste exemplo, temos unha transferencia do mal ao longo dunha breve cadea sen alusión explícita a poderes

En Grolos (Guntín) para erradicar ós orizós facíase un nó cunha palla e poñíase ó carón do ollo infectado mencionando as seguintes palabras:

**“Ourizó, ourizón,
sal do ollo e vaite ó nó.
Co poder de Deus e da Virxe María,
un padrenuestro e un avemaría”¹⁰⁶.**

Esta fórmula tiña que repetirse outras dúas veces.

Pola contra, neste exemplo, a transferencia do mal lévase a cabo ao longo dunha corta cadea facendo alusión a poderes de índole relixiosa.

Finalmente hai doenzas, como a das lombrigas, nas que é mester considerar a existencia dunha armonía no cosmos e que calquera exceso pode chegar a provocar deterioros que, cando a armonía se restablece, deixan de ser perceptibles. No caso que nos ocupa, as comidas doce ou as salgadas son as causantes desta enfermidade que necesita canto antes o restablecemento dun equilibrio natural.

Nota aclaratoria sobre os dous primeiros artigos publicados.

Quero agradecer a axuda prestada por algunhas persoas na aportación dalgúns datos de campo sobre certos lugares que figuran nánbolos dous traballos. Así, podemos citar a Uxía López González, Concepción Neira Abreira, Tamara Núñez Fernández, Ulises Ojea Rodríguez, Javier Ángel Parga Martín, Pablo Pereira Reigosa, Iria Veiga Abuín, Laura Portela Rubiños, Marcos Quínoa García, José María Reija Varela, M^a Elena Rivera Capón, Diego Rodríguez Castiñeira, José Rodríguez Piñeiro, Ángela Seijas Fernández e Ana Valín López.

¹⁰⁵ Lola. De Folgoso de Courel, 84 anos.

¹⁰⁶ LÓPEZ, Angelina. De Grolos (Guntín), 71 anos.